

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de outubro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día catorce de outubro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamé presente po invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1134).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1135).- APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO PLAN MARCO: PROGRAMA DE MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL 2013-2014. EXPTE. 69872/250.

Examinadas as actuacións do expediente de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 10.10.13, conformado polo concelleiro da Área de Fomento e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Designar ao concelleiro delegado da Área de Fomento, D. David Regades Fernández, con D.N.I. 36.077.372-D, como representante do Concello de Vigo ante a Consellería de Medio Rural e do Mar, para os trámites que sexan precisos, para a obtención das axudas previstas para este Concello no "Plan Marco: Programa de Mellora de Camiños de Titularidade Municipal 2013-2014, financiadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), aprobado por resolución do Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de data 13 de setembro de 2013".

2º.- Aprobar a participación do Concello de Vigo no Plan Marco: Programa de Mellora de Camiños de Titularidade Municipal 2013-2014, financiadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), aprobado por resolución do Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de data 13 de setembro de 2013”

3º.- Aprobar tecnicamente o proxecto de “reforzo de firme na Avda do Tranvía PK 3+140 a PK 3+890”, cun orzamento de execución por contrata de 66.818,50 €, cantidade contemplada no Plan Marco citado como axudas ao Concello de Vigo, IVE por importe de 14.031,89 €, cantidade contemplada no Plan Marco como non elixible. Supoñendo todo isto un orzamento base de licitación de 80,850,39 €.

4º.- Remitir o presente acordo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), xunto coa solicitude do Concello de Vigo de participar no Plan Marco.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.